

PRIMEIRA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

O 27 de setembro de 2024 foi aprobado o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Resulta procedente aprobar e incorporar o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Fundación Pública Galega Museo do Mar de Galicia, segundo a proposta de data do 1 de decembro de 2025.

Con esta addenda o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta consellería queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO (DATA)
Secretaría Xeral Técnica	17/09/2024
Secretaría Xeral da Lingua	24/01/2024
Dirección Xeral de Cultura	20/11/2023
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	05/02/2024
Dirección Xeral de Xuventude	18/09/2024
Axencia Galega das Industrias Culturais	08/11/2023
Fundación Cidade da Cultura	27/11/2023
Fundación Museo do Mar de Galicia	01/12/2025

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,



APROBO

A primeira addenda do plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, aprobado o 27 de setembro de 2024, que se insire a continuación.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



PRIMEIRA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	1
3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
4. ANEXOS.....	4
4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	4
4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA.....	4
4.3 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA.....	4
4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.....	4
4.5 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE.....	4
4.6 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS.....	4
4.7 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.....	4
4.8 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA MUSEO DO MAR DE GALICIA.....	4



1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 27 de setembro de 2024 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

O presente documento inclúe o plan específico da Fundación Pública Galega Museo do Mar de Galicia, que se incorpora como anexo a esta addenda.

2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, esta Consellería configúrase como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura; a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e a xestión das actuacións en materia de xuventude, participación e voluntariado.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- a) A persoa titular da Consellería.



- b) A Secretaría Xeral Técnica.
- c) A Secretaría Xeral da Lingua.
- d) A Dirección Xeral de Cultura.
- e) A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- f) A Dirección Xeral de Xuventude.

No artigo 2.2 adscribíense a esta consellería as seguintes entidades:

- a) A Axencia Galega das Industrias Culturais.
- b) A Fundación do Sector Público Autonómico Camilo José Cela.
- c) A Fundación do Sector Público Autonómico Cidade da Cultura de Galicia.
- d) A Fundación do Sector Público Autonómico Museo do Mar de Galicia.

3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, dada a complexidade da estrutura organizativa ou o número de entidades adscritas a esta consellería, considérase conveniente constituír un comité de integridade que asuma as funcións establecidas para os responsables de integridade e prevención de riscos e adicionalmente actúe como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas do plan da consellería.

Así, neste plan procédese a designar as persoas integrantes do comité de integridade desta Consellería:

- A persoa titular da Vicesecretaría Xeral a proposta da Secretaría Xeral Técnica da Consellería.



- A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística a proposta da Secretaría Xeral da Lingua.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Promoción Cultural a proposta da Dirección Xeral de Cultura.
- A persoa titular do Servizo de Arquitectura, a proposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- A persoa titular da Subdirección Xeral do Instituto da Xuventude de Galicia, a proposta da Dirección Xeral de Xuventude.
- A persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia, a proposta de AGADIC.
- A proposta da Fundación do Sector Público Autonómico Cidade da Cultura de Galicia, a persoa titular da dirección económica e financeira da Fundación.
- A proposta da Fundación Museo do Mar de Galicia, a persoa titular da dirección da Fundación.

A este comité correspóndenlle as seguintes funcións:

- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses , en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaria xeral técnica da consellería.



4. ANEXOS

- 4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- 4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA
- 4.3 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA
- 4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
- 4.5 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE
- 4.6 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
- 4.7 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
- 4.8 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA MUSEO DO MAR DE
GALICIA

